



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE MAIO DE 2024

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: **2024/00021912Q.**

[Aprobación de actas de sesións anteriores.]

Apróbanse as actas correspondentes á sesión extraordinaria e urxente do 2 de maio, á ordinaria do 6 de maio e extraordinaria e urxente de data 8 de maio.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2021/00046964X.**

[Licenza para a construción dun edificio de 3 sotos, pranta baixa, 3 prantas altas e baixocuberta para 9 vivendas, locais, garaxes e rochos na rúa da Estrada.]

Concédesse licenza segundo o proxecto reformado básico de data de visado do 11/08/2023 e o proxecto de execución de data de visado do 29/02/2024 e o proxecto de urbanización presentado o 05/06/2023 e o Anexo presentado o 17/07/2023 elaborados polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, cun orzamento de execución material de 705.225,00 €, para a construción dun edificio de 3 sotos, planta baixa, 3 plantas altas e baixocuberta para 9 vivendas, locais, garaxes e rochos na rúa da Estrada.

3. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: **2023/00031337S.**

[Licenza de obras de ampliación de unidade de subministración de combustible na RÚA POLONIA, 6.]

Concédesse licenza para ampliación da unidade de subministración de combustible desatendido na RÚA POLONIA, 6. As actuacións consistirán na ampliación da instalación de unidade de subministración de gasóleo e gasolina que contará tras a ampliación con zona de almacenamento de combustible formado por catro depósitos de combustible cunha capacidade de 100.000 litros, área de repostaxe con catro surtidores cuberto por marquesiña, edificación auxiliar, superficie pavimentada de 1.047,68 m² e zona verde de 1.381,32 m². A licenza suxéitase, entre outras condicións, ao cumprimento das medidas correctoras propostas na Declaración de incidencia ambiental da Consellería de Medio Ambiente de 25/01/2024 (CO/2023/058).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2024/00004307Y.**

[Licenza de obras para a reparación de fachadas medianeiras, posterior e patios para mellora enerxética de hotel sito na Praza de Galicia, 2.]

Concédesse licenza segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto Eugenio José Torreira Pais presentado o 09/01/2024, cun orzamento de execución material de 47.820,00 €, a reparación de fachadas medianeiras, posterior e patios para mellora enerxética de hotel sito na Praza de Galicia, 2 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2024/00002135L.**

[Licenza de obras de reforzo estrutural dos forxados de teito de planta baixa e teito de planta primeira no edificio sito na rúa da Troia, 6.]

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús María Carrillo Pena presentado na data 19/01/2024 con documentación complementaria de data 13/02/2024, cun orzamento de execución material de 8.000 €, obras de reforzo estrutural dos forxados de teito de planta baixa e teito de planta primeira no edificio sito na rúa da Troia, 6 Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **LIC/853/2020.**

[Aceptar cesión de viario e conceder licenza para ampliación de vivenda unifamiliar sita no Rueiro das Figueiriñas, 15A.]

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 16/01/2024, outorgada ante notario.



Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico presentado o 26/06/2020 e documentación complementaria do 08/11/2020 e o proxecto de execución con selo de visado do 05/04/2022 e o anexo de obras de urbanización con selo de visado do 05/04/2022 redactados pola arquitecta Sonia García González, cun orzamento de execución material de 22.583,89 €, a ampliación de vivenda unifamiliar sita no Rueiro das Figueiriñas, 15A Santiago de Compostela (A Coruña).

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2023/00037669E.**

[Instalación de piscina privada na finca sita no LG de Vilastrexe,6.]

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactada pola arquitecta técnica Paula Luna Lago presentado o 08/09/2023 e a documentación complementaria presentada nas datas 31/01/2024 e 06/02/2024, cun orzamento de execución material de 12.350,74 €, instalación de piscina privada na finca sita no lugar de Vilastrexe, 6 Santiago de Compostela (A Coruña).

8. CONTRATACIÓN. Referencia: **2024/00017205R.**

[Aprobación do expediente de obras de execución do proxecto de "Pavimentación do lugar de Vilamaior (Sabugueira)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2023"]

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente de contratación das obras de execución do proxecto de "Pavimentación do lugar de Vilamaior (Sabugueira)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2023", cun orzamento base de licitación de 391.468,71 € (base imponible de 323.527,86 € máis IVE do 21% de 67.940,85 €).

Segundo: abrir o procedemento aberto de adxudicación ao abeiro dos artigos 156 a 158 da LCSP.

Terceiro: autorizar o gasto correspondente por importe de 391.468,71 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 070 45400 6190000 (2023 2 PPROV 35 1).

9. CONTRATACIÓN. Referencia: **2024/00017162G.**

[Aprobación do expediente de obras de execución do proxecto de "Pavimentación do núcleo interior do lugar de Pedrido (Vilvestro)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2023"]

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente de contratación das obras de execución do proxecto de "Pavimentación do núcleo interior do lugar de Pedrido (Vilvestro)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2023, cun orzamento base de licitación de 175.328,12 € (base imponible de 144.899,27 € máis IVE do 21% de 30.428,85 €).

Segundo: abrir o procedemento aberto de adxudicación ao abeiro dos artigos 156 a 158 da LCSP.

Terceiro: autorizar o gasto correspondente por importe de 175.328,12 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 070 45400 6190000 (2023 2 PPROV 35 4).

10. CONTRATACIÓN. Referencia: **2024/00017132C.**

[Aprobación do expediente "Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Vilvestro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña"]

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente de contratación das Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Vilvestro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña, cun orzamento base de licitación de 79.987,40 € (base imponible de 66.105,29 € máis IVE do 21% de 13.882,11 €).

Segundo: abrir o procedemento aberto de adxudicación, de acordo cos artigos 156 a 158 da LCSP.



Terceiro: autorizar o gasto correspondente por importe de 79.987,40 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 070 93303 6320000 2021 2 PPROV 35 3.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: **2024/00017206W.**

Aprobación do expediente de Obras de execución do proxecto de "Pavimentación dos lugares de Bar de Arriba e Bar de Abaixo e Rúa dos Asidros" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2023

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación das Obras de execución do proxecto de "Pavimentación dos lugares de Bar de Arriba e Bar de Abaixo e Rúa dos Asidros" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2023, cun orzamento base de licitación de 212.718,39 € (base impositiva de 175.800,32 € máis IVE do 21% polo importe de 36.918,07 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro. Autorizar un gasto total por importe de 212.718,39 € que se imputa á aplicación orzamentaria 070 45400 6190000 (Código de proxecto: 2023 2 PPROV 35 3).

12. CONTRATACIÓN. Referencia: **2024/00017092A.**

Aprobación do expediente "Obras de execución do proxecto de "Ampliación da rede de saneamento na Rúa do Coto dos Olmos (parroquia de Bando)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 2ª fase"

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación da Obras de execución do proxecto de "Ampliación da rede de saneamento na Rúa do Coto dos Olmos (parroquia de Bando)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 2ª fase cun orzamento base de licitación de 116.370,62 € (base impositiva de 96.174,07 € máis IVE do 21% polo importe de 20.196,55 €).

Segundo: abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: autorizar un gasto total por importe de 116.370,62 € que se imputa á aplicación orzamentaria 070 16100 6090000 (Código de proxecto: 2023 2 PPROV 35 8).

13. CONTRATACIÓN. Referencia: **2024/00011295W.**

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa - *HITRAF, S.A.*, para responder do contrato de "Subministración dun tractor VALTRA (N 114 EH) con dúas desbrozadoras traseiras avanzadas (GL 1 AVANT MULTIPPOSITIOIN AM5000 E GL 1 KOMPASS AVANT KA650)" CON/41/2018.

Acórdase autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa - *HITRAF, S.A.*, por importe de 4.950,00 euros, para responder do contrato de "Subministración dun tractor VALTRA con dúas desbrozadoras traseiras avanzadas".

14. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: **2024/00021681S.**

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da F/2024/1706 expedida pola UTE SAWATCO IBERICA SLU - ATOMO ESTUDIO TECNICO por importe total de 10.708,67 euros correspondente ao contrato administrativo relativo ao Servizo de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeadado público exterior do concello de Santiago de Compostela (Expediente 2023/12192Y CON2023000017)

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente polos gastos derivados da factura F/2024/1706 expedida por SAWATCO IBERICA SLU - ATOMO ESTUDIO TECNICO SL UNION TEMPORAL DE EMPRESAS por importe total de 10.708,67 euros en concepto de servizo de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeadado público exterior do concello de Santiago de Compostela (CON2023000017), emitida o

12/04/2024.

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total 10.708,67 euros, correspondentes á factura F/2024/1706 expedida por SAWATCO IBERICA SLU - ATOMO ESTUDIO TECNICO SL UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, en concepto de servizo de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeado público exterior do concello de Santiago de Compostela, emitida o 12/04/2024.

3. Importe total da prestación realizada: 10.708,67 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 040 16500 2270600.

15. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2024/00021560D.

[Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da F/2024/1110 expedida pola UTE SAWATCO IBERICA SLU - ATOMO ESTUDIO TECNICO por importe total de 13.567,90 euros correspondente ao contrato administrativo relativo ao Servizo de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeado público exterior do concello de Santiago de Compostela (Expediente 2023/12192Y CON2023000017)]

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente polos gastos derivados da factura F/2024/1110 expedida por SAWATCO IBERICA SLU - ATOMO ESTUDIO TECNICO SL UNION TEMPORAL DE EMPRESAS por importe total de 13.567,90 euros en concepto de servizo de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeado público exterior do concello de Santiago de Compostela (CON2023000017), emitida o 04/03/2024.

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total 13.567,90 euros, correspondentes á factura F/2024/1110 expedida por SAWATCO IBERICA SLU - ATOMO ESTUDIO TECNICO SL UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, en concepto de servizo de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeado público exterior do concello de Santiago de Compostela, emitida o 04/03/2024.

3. Importe total da prestación realizada: 13.567,90 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 040 16500 2270600.

16. SERVICIOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00016639X.

[Iniciación de procedemento, aprobación da convocatoria para a concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria e centros de educación especial en segundo ciclo de infantil, educación primaria obrigatoria e educación secundaria obrigatoria do concello de Santiago de Compostela, para o curso 2024/2025]

Acórdase:

PRIMEIRO: aprobar a convocatoria para a concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria e centros de educación especial en segundo ciclo de infantil, educación primaria obrigatoria e educación secundaria obrigatoria do concello de Santiago de Compostela, para o curso 2024/2025, e que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

SEGUNDO: aprobar o gasto polo importe destinado a esta convocatoria, que é de 1.100.000,00 €, dos cales 260.000,00 € irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100/24 (contra a que se aboarán as bolsas de comedor e actividades correspondentes os meses de setembro e outubro do 2024, e as bolsas de material escolar, que dispoñen dun crédito máximo de 50.000 €) e os 840.000,00 € restantes á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento xeral do 2025 (contra a que se aboarán as bolsas de comedor e actividades correspondentes aos meses de novembro e decembro do 2024 e xaneiro a xuño do 2025). Non obstante, ditos importes poderán ser incrementados en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito, cando o aumento veña derivado

como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, que non requirirá dunha nova convocatoria, de conformidade co previsto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

17. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00016209V.

[Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade Asociación galega para axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer (AGADEA) pola contía de 3.000,00 €.]

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade Asociación Galega para axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer (AGADEA) pola contía de 3.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800009, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024-artigos 31,32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII

18. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00021531A.

[Tomar coñecemento da sentenza ditada do DSP 469/2023 Social 1. Obxecto: reclamación de cantidades, resolución de contrato de traballo e indemnización.]

Sentenza favorable, pois desestima a demanda presentada por un traballador da empresa que lle prestaba servizos postais á empresa contratada para xestionar as multas de tráfico.

O xulgado absolve ao Concello pois entende que a empresa na que prestaba servizos o traballador non tiña a condición de subcontratista do Concello.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da firmeza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento.

19. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00012633Y.

[Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento PA 155/2024 CA 2 sobre sanción por estacionamento de vehículo en espazo reservado para motocicletas.]

Sentenza desfavorable ao Concello pois anula unha multa por estacionamento incorrecto ao considerar que a infracción tiña que terse cualificado como leve, e non como grave, polo que cando se iniciou o procedemento sancionador xa estaría prescrita.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para a súa execución.

20. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00021912Q.

[Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas.]

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 3 e o 9 de maio de 2024.